

IES Escolas Proval

Acceso ás titulacións oficiais de grao no Sistema Universitario Galego



INFORMACIÓN VOCACIONAL Ciclo Superior de Formación Profesional

- Administración e finanzas
- Desenvolvemento de produtos electrónicos

Procedemento de admisión ás ensinanzas universitarias desde os ciclos formativos (Doga do 04 de abril de 2011)

As persoas que dispoñan do título de técnico superior de formación profesional ou título equivalente, poderán acceder de modo directo, sen necesidade de proba, a calquera ensinanza universitaria de Grao.

Nota de admisión

No caso de que o número de solicitudes de admisión a unha ensinanza conducente a un título universitario de grao sexa maior que o número de prazas dispoñibles, e para os efectos de ordenar as solicitudes para a súa adxudicación, utilizarase unha nota de admisión que coincidirá coa nota media do ciclo formativo.

Nota de admisión = NMC (nota media do ciclo formativo)

Cálculo da nota media do ciclo formativo: A nota media do expediente académico do ciclo formativo, calcularase mediante a suma das cualificacións numéricas dos módulos, cualificados de 1 a 10, sen decimais, e dividindo o resultado obtido entre o número total destes. Para os efectos do cálculo da nota media, non será computado o módulo de formación en centros de traballo, nin aqueles outros módulos que fosen obxecto de validación. A nota media do expediente expresarase con dúas cifras decimais e arredondada á centésima máis próxima e en caso de equidistancia á superior.

Procedemento para mellorar a nota de admisión

As persoas que desexen mellorar a nota de admisión deberán realizar os exercicios da fase específica das probas de acceso á universidade. A fase específica axustarase aos seguintes criterios:

- Cada estudante poderá realizar un máximo de catro exercicios da súa elección. O contido dos temarios sobre os que han versar os exercicios da proba específica será o establecido para o currículo das materias de modalidade de segundo de bacharelato.
- Cada exercicio presentará dúas opcións, entre as que o estudante deberá elixir.
- A puntuación en cada exercicio estará entre cero e dez puntos, con dúas cifras decimais. Considerarase superado o exercicio cando obteña unha cualificación igual o superior a cinco puntos.
- Para a realización dos exercicios, as persoas candidatas poderán utilizar, á súa elección, calquera das linguas oficiais de Galicia. No caso de que algún exercicio estea relacionado cunha lingua estranxeira, deberá desenvolverse nesa lingua.
- A cualificación das materias da fase específica terá validez para o acceso á universidade durante os dous cursos académicos seguintes á superación destas.

Neste caso a nota de admisión para o título universitario de grao calcularase mediante a seguinte fórmula.

$$\text{Nota de admisión} = \text{NMC} + a \cdot \text{M1} + b \cdot \text{M2}$$

Onde:

- NMC: nota media do ciclo formativo, calcula da segundo o procedemento indicado anteriormente.
- **M1, M2**= as cualificacións dun máximo de dous exercicios superados da fase específica que proporcionen mellor nota de admisión. A nota de admisión incorporará as cualificacións dos exercicios da fase específica, no caso de que os temas sobre os cales versan estean adscritos á rama de coñecemento do título que se solicite, de acordo co disposto no anexo I desta orde.
- **a, b**= parámetros de ponderación das materias da fase específica, serán igual a 0,1. Ou 0,2

Artigo 23º.-Participación.

2. Os estudantes realizarán a PAU na universidade á cal estea adscrito, para os efectos indicados, o centro de educación secundaria en que obtivesen o título de técnico superior de formación profesional,

Artigo 24º.-Exercicios.

1. Na fase específica cada estudante poderá realizar un máximo de catro exercicios á súa elección. O contido dos temarios sobre os que versarán os exercicios será o establecido para o currículo das materias de modalidade de segundo de bacharelato.
2. Os exercicios presentarán dúas opción diferentes entre as cales o estudante deberá elixir unha.

Artigo 25º.-Cualificación dos exercicios.

1. Cada un dos exercicios dos cales se examine o estudante nesta fase específica cualificarase de 0 a 10 puntos, con dúas cifras decimais. Considerarase superado o exercicio cando se obteña unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.
2. A cualificación das materias da fase específica terá validez para o acceso á universidade durante os dous cursos académicos seguintes á súa superación.

Artigo 26º.-Convocatorias.

1. Anualmente realizaranse dúas convocatorias da fase específica da PAU: ordinaria e extraordinaria.
2. Os estudantes poderán presentarse en sucesivas convocatorias para mellorar a cualificación de calquera dos exercicios da fase específica. Tomarase en consideración a cualificación obtida na nova convocatoria, sempre que esta sexa superior á anterior, e tendo en conta o período de validez de superación das materias de modalidade da fase específica establecido no número 2 do artigo 25º desta orde.

Artigo 27º.-Matrícula.

1. Os estudantes formalizarán a súa solicitude de matrícula para a fase específica da PAU nas datas e nos lugares que determine a CiUG.
2. Os estudantes entregarán a solicitude no LERD que lle corresponda ao seu centro ou mediante o procedemento telemático establecido pola CiUG.
3. Os estudantes indicarán na súa solicitude os seus datos persoais e os exercicios elixidos para a fase específica

Para realizar a matrícula será suficiente con presentar unha certificación académica oficial en que conste:

a) A superación de todos os módulos que compoñen o ciclo formativo de que se trate, a excepción do de formación en centros de traballo e, se é o caso, o módulo de proxecto.

A certificación terá, en todo caso, o carácter de documentación provisional, e non se poderá proceder á admisión nos estudos universitarios de grao ata a consecución e entrega da documentación acreditativa de estar en posesión do correspondente título.

Validacións: para coñecer as posibles validacións as que ten dereito o alumnado universitario cun título en grao superior de formación profesional, podedes ver a paxina web www.edu.xunta.es/fp e acceder ao apartado validacións do menú principal.

Graos en Ensinanzas Artísticas

- **Escola superior de conservación e restauración de bens culturais de Galicia:** grao especialidade de pintura, grao especialidade de escultura, grao especialidade de arqueoloxía. Rúa General Martitegui, 36002 Pontevedra, 986 86 12 51, gradoconservacionbbcc.es. Acceso: ter título de bacharelato e aprobar unha proba de acceso (o alumnado de Bacharelato artístico está exento da proba de acceso).
- **Escola superior de arte dramática:** grao en interpretación, grao en dirección escénica e dramaturxia, grao en escenografía. Poza Cabalo s/n 36212 Vigo, esadgalicia.com. Acceso: ter título de bacharelato e aprobar unha proba de acceso (o alumnado sen título de bacharelato pode facer unha proba de acceso específica e se a aproba pode presentarse a proba de acceso xeral).
- **Escolas de Arte e Superiores de Deseño:**
Acceso: ter título de bacharelato e aprobar unha proba de acceso
 - **Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo:** grao en moda e grao en deseño de produtos.
Rúa Virxe da Cerca, 32, 15703 Santiago de Compostela, 981 587 757, www.easd.es
 - **Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso:** grao en deseño gráfico, grao en deseño de produto, grao en deseño de moda e grao en deseño de interiores.
Os Pelamios 2, 15001 A Coruña 981 225 396, www.epicasso.com
 - **Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón:** grao en deseño gráfico e grao en deseño de interiores.
Paseo dos estudantes s/n, 27002 Lugo, 982 220 790, www.escoladeartelugo.com
 - **Escola de Arte e Superior de Deseño Antonio Failde:** grao en deseño gráfico e grao en deseño de interiores.
Avda. da Universidade, nº 18 - 32005 A Cuña – Ourense, 988 238 365 www.escolarte.com

BECAS E AXUDAS

Toda a información sobre becas, axudas, subvencións e premios está na páxina web do ministerio de educación

<http://www.educacion.gob.es/educacion/becas-y-ayudas.htm>, dentro desta páxina selecciona o apartado becas e axudas para estudar, e unha vez alí:

Si seleccionas formación profesional encontrarás

- Convocatoria de becas y ayudas al estudio de carácter general y de movilidad, para el curso académico 20xx-20xx para alumnos que cursen estudios postobligatorios y superiores no universitarios
- Ayudas para alumnos con necesidad específica de apoyo educativo 20xx-20xx.

Si seleccionas Becas e axudas para estudiar ensinanzas universitarias de grao, diplomatura e licenciatura encontrarás

